

ASPAMITE



ESTATUTOS

**ASOCIACIÓN DE PAIS DE
PERSOAS CON
DIVERSIDADE FUNCIONAL
DE TEO**

ÍNDICE

PREÁMBULO	4
CAPÍTULO I - DA ASOCIACIÓN	
Artigo 1.- Denominación	5
Artigo 2.- Personalidade	5
Artigo 3.- Domicilio	5
Artigo 4.- Duración e ámbito	6
Artigo 5.- Misión	6
Artigo 6.- Principios e valores	6
Artigo 7.- Fins	7-8
Artigo 8.- Medios	8-9
CAPÍTULO II – DOS SOCIOS	
Artigo 9.- Socios	9
Artigo 10.- Tipos de socios	10
Artigo 11.- Ingresos e baixas	11
Artigo 12.- Procedemento de admisión	11
Artigo 13.- Documentos de admisión	11-12
Artigo 14.- Número de socios	12
Artigo 15.- Deberes	12
Artigo 16.- Dereitos	12-13
Artigo 17.- Réxime disciplinario	13
Artigo 18.- Perda da condición de socio	14



Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



CAPÍTULO III - DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 19.- Órganos de Goberno	15
Artigo 20.- Asemblea Xeral	15
Artigo 21.- Delegación	15
Artigo 22.- Participación na Asemblea	15-16
Artigo 23.- Clases de asemblea e convocatorias	16-17
Artigo 24.- Funcións da Asemblea Xeral	17-18
Artigo 25.- Acordos da Asemblea Xeral	18-19
Artigo 26.- Xunta Directiva	19
Artigo 27.- Duración da Xunta Directiva	19-20
Artigo 28.- Elección e cese da Xunta Directiva	20-21
Artigo 29.- Funcións da Xunta Directiva	21-22
Artigo 30.- Funcionamento da Xunta Directiva	22
Artigo 31.- Comisión Permanente	23
Artigo 32.- Comisión de Ética	23
Artigo 33.- Funcións do Presidente	23-24
Artigo 34.- Vicepresidente	24
Artigo 35.- Secretario	24-25
Artigo 36.- Tesoureiro	25-26
Artigo 37.- Vogais	26

CAPÍTULO IV. - DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 38.- Impugnacións	26-27
--------------------------	-------

CAPÍTULO V.- DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 39.- Recursos económicos	27-28
Artigo 40.- Cotas	28
Artigo 41.- Pago de cotas	28-29
Artigo 42.- Orzamento	29

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



CAPÍTULO VI.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 43.- Procedemento e modificación de estatutos 29

CAPÍTULO VII.- DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 44.- Disolución da Asociación 30

Artigo 45.- Comisión liquidadora 30

Artigo 46.- A Asemblea no período de liquidación 30

Artigo 47.- Destino dos bens resultantes 31

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



PREÁMBULO

ASPAMITE, foi creada no concello de Teo co nome de ASOCIACIÓN DE PADRES DE MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS “SANTA MARÍA DE LA CABEZA” DE TEO, o día 15 de novembro de 1994, actuando como socios fundadores, segundo aparece na acta constitucional as persoas seguintes:

Don Alfonso Blanco Leborán, Dona María José Bao Louro, Don Gumersindo Iglesias Rodríguez, Don Samuel Mosquera Ferro, Dona Teresa Souto Iglesias, Dona Lourdes Neira Pérez e Dona M^a Natividad Encarnación Mougán Castelao.

Unha vez redactados e aprobados os Estatutos da citada Asociación, foron visados segundo establecía o artigo 3.5 da lei 191/1964 de decembro, das Asociacións por resolución de 17 de marzo de 1995, e incorporados ao rexistro Provincial de Asociacións no Goberno Civil da provincia de A Coruña no protocolo nº 3-911/1^a.

A Asociación, ten como Código de Identificación Fiscal o número G- 15513641 e foi inscrita tamén no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicos Sociais na Consellería de Servicos Sociais o 16 de novembro de 1995 recibindo o número S-863.

Todas as persoas anteriormente citadas, son pais de mozos con discapacidade intelectual que no seu día sentiron a necesidade de agruparse para crear algún organismo no Concello de Teo que mirase polos intereses e o futuro dos seus fillos. Ao longo destes anos, foise sumando xente que foi apoiando o proxecto en favor das persoas con diversidade funcional.

Con motivo da promulgación e aprobación da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, estableceuse a obrigatoriedade de que todas as asociacións inscritas no correspondente rexistro con anterioridade á entrada en vigor da mesma, adapten os seus estatutos aos termos establecidos pola norma legal.

Con motivo do cambio no emprego da palabra “discapacitado” por “persoa con diversidade funcional”, esta Asociación, pasará a denominarse ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO, ASPAMITE, e rexerese a partir de agora polos presentes estatutos que entrarán en vigor a partir do mesmo día en que sexan inscritos e aceptados, no Rexistro Provincial da Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondente á provincia de A Coruña, quedando derogados os estatutos que había ata ese momento.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1

Denominación

1.- A entidade denominada ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO, ASPAMITE, de agora en adiante “ASPAMITE”, amparada polo artigo 22 da Constitución, rexerese a partir de agora, polo establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, a lei 49/2002 de mecenazgo, e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes estatutos.

2.-ASPAMITE é o resultado da libre vontade dos seus socios, dos que ostenta a súa representación.

Artigo 2

Personalidade

1.-ASPAMITE ten personalidade xurídica propia e independente da dos seus socios, e conforme ó artigo 35 e seguintes do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

Artigo 3

Domicilio

1.-O enderezo social de ASPAMITE, a efectos legais, queda establecido en Travesía das Galanas, 71 – Calo – 15886 Teo – A Coruña, podendo ser trasladado a outro lugar por acordo da Asemblea Xeral, que poderá decidir así mesmo a apertura doutras delegacións dentro do seu ámbito de actuación, sempre que o considere conveniente para o normal desenvolvemento de ASPAMITE. O número de teléfono da citada Asociación é o 981548701.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



Artigo 4

Duración e ámbito

- 1.- ASPAMITE constitúese por tempo indefinido, e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos socios expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
- 2.- O ámbito territorial de ASPAMITE é o do concello de Teo, situado na provincia de A Coruña.

Artigo 5

Misión

- 1.- É misión de ASPAMITE promover e coordinar a defensa dos dereitos das persoas con diversidade funcional cara á súa plena integración.

Artigo 6

Principios e valores

- 1.-ASPAMITE defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gobernamental, de carácter voluntario, e poderá solicitar a súa declaración de Utilidade Pública.
- 2.-ASPAMITE, basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:
 - a) Democracia interna.
 - b) Solidariedade entre os seus membros.
 - c) Transparencia na xestión e actuación da entidade e os seus socios.
 - d) Defensa das necesidades sociais por encima de intereses particulares.
 - e) Desbotar protagonismos e actitudes competitivas.
 - f) Defensa do colectivo como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas e asistenciais.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



Artigo 7

Fins

1.-Os fins principais de "ASPAMITE " son:

- a) Defender a dignidade e os dereitos das persoas con diversidade funcional.
- b) Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas diversidade funcional.
- c) Crear as condicións para que os socios poidan cumprir axeitadamente a misión.
- d) Promover actitudes sociais positivas cara ás persoas con diversidade funcional.
- e) Promover a lexislación axeitada para que mellore a situación do colectivo.
- f) Participar na orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado "ASPAMITE " con criterios de solidariedade.
- g) Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da diversidade funcional.
- h) Representar ós seus socios no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
- i) Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- j) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente á atención da muller.
- k) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente á atención da infancia e á xuventude.
- l) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- m) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- n) Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- o) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con diversidade funcional, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
- p) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con diversidade funcional.
- q) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos as persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social.
- r) Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuir ao cumprimento da misión de ASPAMITE ou redundar no beneficio das persoas con diversidade funcional.


Artigo 8

Medios

1.-Para o cumprimento da misión e dos fins, "ASPAMITE" poderá realizar as seguintes actividades:

- a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da diversidade funcional.
- b) Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con diversidade funcional e o seu entorno.
- c) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acadar os fins de ASPAMITE.
- d) Establecer un sistema coherente na estruturación do Movemento Asociativo.
- e) Promover o Voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



- f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico do Movemento Asociativo.
- g) Potenciar a integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro que teña unha tipoloxía autorizada por Lei, na que primen a inserción socio - laboral das persoas con diversidade funcional conforme á lexislación vixente.
- h) Potenciar a promoción de centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con diversidade funcional en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, cos demais traballadores, conforme á lexislación vixente en todos os casos priorizando:
- Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadores con diversidade funcional e/ou na labor social de dita asociación.
 - Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nos propios traballadores do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao Movemento Asociativo.
- i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

CAPITULO II DOS SOCIOS

Artigo 9

Socios

1.-ASPAMITE constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presentes Estatutos, todas as persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de ASPAMITE na defensa da plena integración das persoas con diversidade funcional.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



Artigo 10

Tipos de Socios

1.-ASPAMITE terá tres clases de socios: Numerarios, Colaboradores e Honorarios.

A) .- **Os Socios Numerarios**, serán considerados socios de dereito e estarán suxeitos a todas as obrigas e dereitos establecidos nos presentes estatutos, acudindo ás Asembleas Xerais con voz e con voto. Poderán ser socios numerarios, as seguintes persoas:

- As persoas con diversidade funcional, maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- Os pais/nais, titores ou representantes legais de persoas incapacitadas para obrar e para exercer os seus dereitos.
- As persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con diversidade funcional, e veñan avaladas por dez socios numerarios. Este tipo de persoas non pode sobrepasar un número superior a un 20 por cento da totalidade dos socios numerarios.

B).-**Os Socios Colaboradores** serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con ASPAMITE mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. Os socios colaboradores estarán suxeitos ás obrigas e dereitos establecidas para eles, nos presentes estatutos, e poderán asistir á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.

C).- **Os Socios Honorarios** serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distinguan pola súa actuación a favor dos fins de ASPAMITE e do colectivo que representa. Os socios honorarios non estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto. ASPAMITE tamén poderá ter Presidente de Honra.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



Artigo 11

Ingresos e baixas

1.-O ingreso en ASPAMITE como socio numerario ou colaborador da mesma será voluntario. Os socios honorarios serán nomeados por ASPAMITE.

2.-A baixa levará consigo a perda da condición de asociado e poderá producirse polas seguintes causas:

- a) Voluntaria.
- b) Forzosa.

Artigo 12

Procedemento de admisión

1.-O procedemento de admisión dos socios será:

- a) Mediante solicitude escrita ou comunicación do interesado dirixida ao Presidente.
- b) Coa presentación da documentación esixida nestes estatutos cando se trate de socios numerarios.

Artigo 13

Documentos de admisión

1.-As persoas que desexen ser socios numerarios de ASPAMITE, deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia do Certificado de Minusvalía se é persoas con diversidade funcional con plena capacidade de obrar.
- c) Copia da resolución xudicial da designación de Titor legal no caso de que a persoa con diversidade funcional sexa declarado incapaz.
- d) O aval acreditativo de 10 socios de dereito.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



2.-A Xunta directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 14

Número de socios

1.- Non se establece un numero máximo de socios de ASPAMITE.

Artigo 15

Deberes dos socios

1.-Os socios de ASPAMITE terán os seguintes deberes:

- a) Actuar de maneira acorde cos valores de ASPAMITE e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con diversidade funcional.
- b) Acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno en representación de ASPAMITE.
- c) Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
- d) Contribuír ao sostemento de ASPAMITE, aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- e) Manter absoluto secreto sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida en ASPAMITE.
- f) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- g) Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

Artigo 16

Dereitos

1.-Os socios de ASPAMITE terán os dereitos seguintes:

- a) A participar nos órganos de goberno e representación, sempre que sexan socios numerarios.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- b) A exercer o dereito de voto na Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos sempre que sexan socios numerarios.
- c) A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- d) A participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados por ASPAMITE, nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- e) A utilizar os servizos que se creen en ASPAMITE nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- f) A acceder á documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos persoais.
- g) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou aos Estatutos.
- h) A ter copia destes estatutos se así o solicita.
- i) Así mesmo, os socios, que non puideran acudir a unha reunión de calquera das Asembleas, teñen dereito a recibir información sobre os acordos adoptados por eses órganos de goberno.
- j) Todos os socios teñen dereito a ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el; a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas e en caso de ser sancionado, esa sanción, deberá ser motivada.

Artigo 17


Réxime disciplinario

1.-Á proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de ASPAMITE, establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse aos socios que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



Artigo 18

Perda da Condición de socio

1.-Poderá perderse a condición de Socio de ASPAMITE por:

Sinatura Secretario

Sinatura Presidente

A.-Decisión Voluntaria, manifestada por escrito.

B.-Por causa ou disposición legal.

C. Por falecemento da persoa física ou extinción da xurídica.

D.-Por expulsión, a causa de:

- a) Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
- b) Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
- c) Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de ASPAMITE.
- d) Non poñer a disposición de ASPAMITE a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.
- e) Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con diversidade funcional, ou non permitan o control da recadación, e destino dos beneficios obtidos.
- f) Pola falta de pago de tres cotas anuais.
- g) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses de ASPAMITE.

2.-A expulsión como socio/a de ASPAMITE será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria levando aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de socio e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



CAPITULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 19

Órganos de Goberno

1.-ASPAMITE rexerese polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos:

- a) Asemblea Xeral
- b) Xunta Directiva

Artigo 20

Asemblea Xeral

1.-A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno de ASPAMITE, e estará formada por todos os socios integrantes da asociación.

2.-O presidente e o secretario das Asembleas Xerais, serán os mesmos que os elixidos para a Xunta Directiva.

Artigo 21

Delegación

1.-A asistencia e participación na Asemblea Xeral son indelegables, agás que unha asemblea extraordinaria convocada ao efecto, estableza un réxime distinto.

Artigo 22

Participación na Asemblea

1.-Na Asemblea de ASPAMITE, poderán participar os socios da forma seguinte:

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- a) Os socios numerarios, considerados de dereito, deberán asistir ás Asembleas e terán voz e voto.
- b) Os socios colaboradores e os socios de honra, poderán asistir ás reunións da Asemblea, con voz e sen voto. Ademais, e previo acordo da Xunta Directiva, poderán asistir, a título de invitados, con voz e sen voto, todas aquelas persoas que se considere que poden aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.
- c) Non poderán asistir nin ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directamente, ou indirectamente mediante o seu cónxuxe ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que puidese dar lugar a un conflito de intereses.

Artigo 23

Clases de Asemblea e convocatorias das mesmas

1.-A Asemblea Xeral poderá ser:

- a) Ordinaria que deberá reunirse ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano.
- b) Extraordinaria que poderá reunirse extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten un mínimo do 25 por cento dos socios de ASPAMITE. Neste caso, a Asemblea deberá convocarse no prazo máximo dun mes dende que se formulou a solicitude por escrito por parte dos socios. Este escrito estará dirixido ao presidente, levará as firmas dos solicitantes, e nel, expoñerase o motivo da convocatoria e os puntos que solicitan tratar na orde do día.

2.- Na convocatoria de ambos tipos de Asembleas constará, a orde do día acordada pola Xunta Directiva, a data, hora e lugar no que se vai celebrar a Asemblea. No caso de que a Asemblea fose solicitada polo 25 por cento dos socios, deberán incluírse tamén, na orde do día, todos os puntos propostos por eses socios.

3.- A convocatoria das Asembleas, comunicarase aos socios de ASPAMITE cunha antelación mínima de quince días, por correo ordinario, salvo que a urxencia dos asuntos a debater requira un tempo menor. Nese caso, os socios poderán ser citados nun período de 24 horas, persoalmente ou por teléfono.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



4.- A Asemblea Xeral tanto ordinaria como extraordinaria quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un dos seus socios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socios asistentes pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa. Entre a primeira e segunda convocatoria deberán mediar, como mínimo, media hora.

5.- Non poderán ser obxecto de votación aquelas cuestións que non estean fixadas na orde do día.

Artigo 24

Funcións das Asembleas Xerais

1.-Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria as seguintes:

- a) Coñecer e aprobar os Plans de Actuación de ASPAMITE.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e aprobar o balance de cada exercicio.
- c) Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban abonar os diversos socios.
- d) Examinar e aprobar a Memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
- e) Establecer o réxime disciplinario.
- f) Adoptar resolución sobre os asuntos que figuren na Orde do Día ou que se susciten no momento de constituír a Asemblea, si o piden os dous terzos dos socios presentes.

2.- Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria as seguintes:

- a) Aprobar a modificación de Estatutos.
- b) Ratificar a expulsión de socios de ASPAMITE.
- c) Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



- d) Aprobar a Federación con outras asociacións.
- e) Autorizar o gravame ou hipoteca de bens sociais de ASPAMITE
- f) Acordar a disolución da asociación.
- g) Designar aos/ás liquidadores/as
- h) Solicitar a declaración de Utilidade Pública da asociación.
- i) Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre un ou máis socios e calquera órgano de ASPAMITE, como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos Órganos de Goberno.
- j) Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 25

Os acordos das Asembleas Xerais

1.-Os acordos, na Asemblea Xeral ordinaria, adoptaranse por maioría simple dos votos dos socios presentes .


2.-Os acordos que requiriran a celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos dos socios asistentes.

3.-De todas as Asembleas Xerais, levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número dos asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta deberá estar subscrita polo Secretario e o Presidente.

4.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores, obrigarán a todos os asociados incluso aos non asistentes.

5.-As sesións abranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente, o secretario, procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e á aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



6.-As certificacións de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa firma do Secretario e o visto bo do Presidente.

Artigo 26

Xunta Directiva

1.-A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de ASPAMITE e estará composta polos seguintes membros:

- Presidente/a
- Vicepresidente/a
- Secretario/a
- Vicesecretario/a
- Tesoureiro/a
- Vocais, nun número nunca inferior a catro (4).

2.-Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de socio numerario. Así mesmo deberán cumprir os requisitos esixidos para ser membro da Asemblea Xeral.

3.-Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

4.-Todos os membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, o Presidente poderá exercer un voto de calidade.

5.- Cando un membro da Xunta Directiva non puidera asistir a unha reunión, terá dereito a ser informado dos acordos que se adoptaran na mesma sempre que o solicite.

Artigo 27

Duración da Xunta Directiva

1.-Os compoñentes da Xunta Directiva de ASPAMITE, serán elixidos por un período de catro anos contados a partir da toma de posesión aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



2.-Se se produce a metade máis un de baixas nos membros que compoñen a Xunta Directiva, o presidente deberá convocar inmediatamente a Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas.

3.-Mentres o número de baixas dos membros sexa inferior á metade máis un, as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva. Os membros cesantes, serán reemprazados na primeira Asemblea Xeral, que se celebre.

4.-En todo caso, a Xunta Directiva deberá estar integrada como mínimo por tres persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 28

Elección e cese da Xunta Directiva

1.-A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

2.-As candidaturas estarán constituídas polos socios numerarios e alomenos un 75 por cento deses socios, serán pais ou titores como representantes legais das persoas incapaces e persoas con diversidade funcional que teñan capacidade de obrar.

3.-As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura, será elixida a máis votada.

4.-As votacións poderán ser a man alzada ou con voto secreto segundo o solicite a maioría dos asistentes da Asemblea antes de comezar.

5.-Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

6.-A renuncia do cargo, non da lugar ao cese inmediato, senón que se deberá facer no prazo máximo dun mes, para que dea tempo a realizar un efectivo traspaso de poderes coa entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

7.-Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Falecemento
- b) Renuncia Voluntaria expresada por escrito.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



- d) Por non acudir a seis reunións consecutivas sen causa xustificada.
- e) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto polos votos dos $\frac{3}{4}$ dos asociados.

Artigo 29

Funcións da Xunta Directiva

1.-Corresponde á Xunta Directiva:

- a) Executar a política de ASPAMITE e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- b) Administrar o patrimonio de ASPAMITE.
- c) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
- e) Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados dende ASPAMITE
- f) Admitir os socios numerarios e colaboradores que soliciten a admisión en ASPAMITE e acordar a suspensión temporal dos dereitos dun socio.
- g) Convocar e fixar a orde do día da Asemblea Xeral.
- h) Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
- i) Nomear presidente e socios de honra.
- j) Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime axeitado.
- k) Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- l) Plantexar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese de ASPAMITE e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
- m) En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio de ASPAMITE dos que deberá dar conta á Asemblea.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- n) Resolver, na arbitrase de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre os socios de ASPAMITE. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- o) Interpretar os presentes Estatutos.

Artigo 30

Funcionamento da Xunta Directiva

1.- A Xunta Directiva funcionará segundo os seguintes criterios:

- a) A Xunta Directiva reunirse, alomenos, unha vez cada trimestre ou cando o decida o seu Presidente por si ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes.
- b) O cargo de directivo osténtase a título persoal, polo que, cando non sexa posible a asistencia, so poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.
- c) A convocatoria das sesións, que comprenderá a orde do día correspondente, a data, hora e lugar no que se celebrará a reunión, será feita polo Presidente da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá ao Presidente, a proposta do Secretario, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.
- d) Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou o Presidente, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesores.
- e) Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia polo menos da metade mais un dos seus membros e, en todo caso, estará presente o presidente ou o vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.
- f) O secretario, ou no seu defecto, o vogal que o substitúa, levantará acta da sesión no libro de actas correspondente.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



Artigo 31

Comisión Permanente

1.-Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer cotidianamente e de maneira máis áxil o goberno de ASPAMITE. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Artigo 32

Comisión de Ética

1.-Crearase unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non a ASPAMITE, designadas pola Xunta Directiva.

2.-Esta comisión, terá como finalidade a de velar porque as actuacións, tanto de ASPAMITE, como as dos seus socios a título individual sexan éticas, e lícitas (eliminación de prácticas comisionistas, dobres financiamentos ou financiamentos irregulares, etc). Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 33

Funcións do Presidente

1.-Son funcións do Presidente as seguintes:

- a) Representar oficialmente a ASPAMITE diante de calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- c) Nomear a calquera persoa como Asesor, que será ratificado pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas.
- d) Informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores aínda que as resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- e) Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
- f) Ordenar os pagos con cargo aos fondos de ASPAMITE levando a sinatura social conxuntamente co Secretario ou co Tesoureiro.
- g) Ordenar a retirada dos fondos de ASPAMITE depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do Secretario ou do Tesoureiro.
- h) Autorizar coa súa firma as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- i) Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
- j) Subscribir contratos en nome de ASPAMITE, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente que interese aos fins de ASPAMITE.
- k) Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de ASPAMITE.
- l) Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

Artigo 34

Vicepresidente

1.- O Vicepresidente terá as funcións seguintes:

- a) Substituíra temporalmente ao Presidente nos casos de ausencia ou enfermidade.
- b) Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións do Presidente que este delegue expresamente nel.
- c) No caso de substitución definitiva, esta será aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Artigo 35

O Secretario

1.-As funcións do Secretario son as seguintes:

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



- a) Custodiar os libros, documentos e selo de ASPAMITE, excepto os libros de contabilidade.
- b) Levar o Libro de Rexistro de Socios.
- c) Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- d) Librar certificacións con referencia aos Libros e documentos de ASPAMITE co visto e praxe do Presidente.
- e) Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura do Presidente.
- f) Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, e enviar as convocatorias das Asembleas con quince días de antelación como mínimo.
- g) Responsabilizarse, xunto co Presidente, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios de ASPAMITE.
- h) Organizar os servizos técnicos de ASPAMITE.
- i) Impulsar e controlar o funcionamento de ASPAMITE.
- j) Asumir a representación xurídica diante de todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación do Presidente.
- k) Responsabilizarse de arquivos e ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas de ASPAMITE.


Artigo 36

Tesoureiro

1.-As funcións do Tesoureiro son:

- a) Custodiar e levar libros de Contabilidade.
- b) Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica de ASPAMITE.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- c) Custodiar os fondos de ASPAMITE, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento de ASPAMITE. Para dispoñer dos fondos de ASPAMITE, necesitará da sinatura do Presidente.
- d) Farase cargo das cantidades que se ingresen en ASPAMITE, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
- e) Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura do Presidente.
- f) Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
- g) Cobrará as cotas dos socios.
- h) Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden.

Artigo 37

Vogais

1.-As funcións dos vogais son:

- a) Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- b) Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprir os fins que marcan os Estatutos.

CAPITULO IV

DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 38

Impugnacións

1.-As impugnacións que se formulen respecto das **convocatorias**, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva de ASPAMITE, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día. Neste caso, salvo que o Presidente admita que hai erros ou vicios que poidan dar motivo a anulación da convocatoria, esas impugnacións, deberán ser resoltas ó comezo da reunión.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



2.-Os **acordos da Xunta Directiva** poderán ser impugnados polas persoas non asistentes, diante da mesma, no prazo máximo de quince días a partir da data da celebración da reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvaran expresamente o seu voto.

3.-Sen prexuízo das impugnacións, os acordos que se tomen na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva son executivos, salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

5.-Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.

6.-A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva, resolveranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determina.

CAPITULO V DO REXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 39 Recursos económicos


1.-Para atender os seus fins, ASPAMITE contará cos recursos seguintes:

- a) As cotas que satisfagan os socios, se se establecen.
- b) As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.
- c) Os bens propios, mobles e inmoables.
- d) Rendementos do seu patrimonio.
- e) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación
- f) Calquera outra axuda que obteña para ser destinada ó cumprimento dos seus fins.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



2.-O capital fundacional de ASPAMITE é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros (3.000 €).

Artigo 40

Cotas

1.-As cotas poderán ser das seguintes clases:

- a) Ordinaria anual, que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva.
- b) Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.

Artigo 41

Pago de cotas

1.- As cotas serán satisfeitas da seguinte forma:

- a) As cotas deberán ser aboadas no prazo dun mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente, ou ó terminar o prazo fixado cando foran extraordinarias.
- b) Cando unha persoa se fai socio, pagará a cota correspondente o ano en que está e sexa cal sexa o mes en que a satisfaga, volverá a pagar ao inicio do ano seguinte.
- c) A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para os socios que, nos prazos previstos no parágrafo anterior, e sen causa xustificada non aboaran as cotas. Así mesmo, quen á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspondente ao ano anterior, perderá o seu dereito a voto na mesma.
- d) Nembargantes, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



- e) O recadado, dedicarase a atender as necesidades da asociación e o ser unha entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso, os recursos obtidos, poderán ser distribuídos entre os asociados.

Artigo 42

Orzamento

1.-ASPAMITE funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado polo Tesoureiro, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

2.-Anualmente con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

CAPITULO VI

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 43


Procedemento de modificación de estatutos

1.-Os Estatutos de ASPAMITE so poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da maioría dos socios numerarios, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva

2.-O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado pola maioría de dous terzos dos socios numerarios presentes na reunión.

3.- A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Sinatura Secretario




Sinatura Presidente



CAPITULO VII DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 44

Disolución

1.-ASPAMITE poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- a) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- b) Por sentenza xudicial firme.
- c) Por vontade dos dous terzos dos socios numerarios manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

Artigo 45

Comisión liquidadora

1.- Acordada a disolución de ASPAMITE pola Asemblea Xeral Extraordinaria ou decidida, se é o caso, pola autoridade xudicial competente, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio de ASPAMITE, coa liquidación dos bens, pagando as débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

2.-A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou mais comisarios, elixidos pola mesma, entre os socios.

Artigo 46

Asemblea Xeral no período de liquidación

1.-Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución.

Sinatura Secretario



Sinatura Presidente



Artigo 47


Destino dos bens resultantes

1.-No caso de disolución definitiva, liquidadas todas as obrigas pendentes que sexan de ASPAMITE, o sobrante de fondos que resultase pasarán a formar parte do colectivo de persoas con diversidade funcional do País Galego, que a xuízo da comisión liquidadora, defendan os principios fundamentais destes Estatutos.

Teo, 5 de marzo de 2018



Sinatura Secretario
José Mª Cándido Seage Pais
DNI 33198341A



Sinatura Presidente
Ángel Javier Morón Pérez
DNI 33231685C



DILIXENCIA

Os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións que se indican a continuación:

Preámbulo.- “ASPAMITE, foi creada no concello de Teo co nome de ASOCIACIÓN DE PADRES DE MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS “SANTA MARÍA DE LA CABEZA” DE TEO, o día 15 de novembro de 1994,[...], adapten os seus estatutos aos termos establecidos pola norma legal. Polo tanto esta Asociación, pasará a denominarse ASOCIACIÓN DE PAIS DE MINUSVÁLIDOS “SANTA Mª DA CABEZA” DE TEO, e rexerese a partir de agora polos presentes estatutos que entrarán en vigor a partir do mesmo día en que sexan inscritos e aceptados, no Rexistro Provincial da Delegación da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local correspondente á provincia de A Coruña, quedando derogados os estatutos que había ata ese momento” modificado por “ASPAMITE, foi creada no concello de Teo co nome de ASOCIACIÓN DE PADRES DE MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS “SANTA MARÍA DE LA CABEZA” DE TEO, o día 15 de novembro de 1994, [...], adapten os seus estatutos aos termos establecidos pola norma legal.

Con motivo do cambio no emprego da palabra “discapacitado” por “persoa con diversidade funcional”, esta Asociación, pasará a denominarse ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO, ASPAMITE, e rexerese a partir de agora polos presentes estatutos que entrarán en vigor a partir do mesmo día en que sexan inscritos e aceptados, no Rexistro Provincial da Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondente á provincia de A Coruña, quedando derogados os estatutos que había ata ese momento”

Artigo 1.A.- “A entidade denominada ASOCIACIÓN DE PAIS DE MINUSVÁLIDOS STA MARÍA DA CABEZA DE TEO, de agora en diante ASPAMITE, [...] así como polo previsto nos presentes estatutos” modificalo por “A entidade denominada ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO, de agora en diante ASPAMITE, [...] así como polo previsto nos presentes estatutos”.



Artigo 3.1.- “O enderezo social de ASPAMITE, a efectos legais, queda establecido en As Galanas, s/nº - Calo – 15895 Teo – A Coruña, podendo ser trasladado [...]. O número de teléfono da citada asociación é o 981-548701” modifícalo por “O enderezo social de ASPAMITE, a efectos legais, queda establecido en Travesía das Galanas, 71 - Calo – 15886 Teo – A Coruña, podendo ser trasladado [...]. O número de teléfono da citada asociación é o 981-548701”

Estas modificacións foron aprobadas na Asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 23/02/2018 e coas maiorías previstas nos estatutos desta asociación.

Teo, 5 de marzo de 2018

Sinatura Secretario

José Mª Cándido Seage Pais

DNI 33198341A

Sinatura Presidente

Ángel Javier Morón Pérez

DNI 33231685C



**INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN
ASOCIACIÓN Nº 3911-1^º**

Inscrita a la modificación por resolución do 1
de Xuno de 2018
soamente para os efectos de publicidade de
conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo
16 da L.O. 1/2002

O/A responsable do Rexistro

ASPAMITE

Asociación de Pais de Persoas con Diversidade Funcional de Teo



DIRECCIÓN:

Travesía das Galanas, 71 – Calo
15886 Teo (A Coruña)



TELÉFONOS:

Fixo: 981548701

Móbil Dirección: 648298191

Móbil Administración: 629322601



EMAIL:

aspamite@aspamite.org

REDES SOCIAIS:



Facebook: www.facebook.com/Aspamite



Twitter: @Aspamite



Instagram: @aspamite



PÁXINA WEB:

www.aspamite.org